



# maristas

Colexio El Pilar · Vigo

## Actividades Extraescolares

### 2021-2022





O Colexio El Pilar ten, como un dos obxectivos principais, fomentar o desenvolvemento integral de cada un dos seus alumnos. Para iso, pon a súa disposición un completo programa de actividades extraescolares. Esta formación complementaria, ademais de procurar unha maior motivación do alumno para aproveitar as súas actitudes ao máximo, facilitaralle a consecución de habilidades que nun futuro o axudarán a enfrontarse a un ambiente cada vez máis esixente.

Porque cada alumno é diferente, adaptamos o proceso de aprendizaxe ás necesidades e capacidades de cada un, realizando un seguimento persoal de cada nen@.

Para que as diferentes actividades propostas se leven a cabo, requírese un número mínimo de participantes. Ao mesmo tempo establecerase tamén un número máximo para cada actividade.

Para manter o equilibrio e, por motivos de organización, as baixas das actividades deberán de ser comunicadas antes do día 20 do mes anterior, se non, se aboará o mes completo.

Para atender e dar asesoramento sobre as cuestións que poidan xurdir en relación á nosa oferta extraescolar pódese contactar con el a través do seguinte enderezo electrónico, [exodega@gmail.com](mailto:exodega@gmail.com)

A inscrición nas diferentes actividades poderase realizar na plataforma <https://activities.tokapp.net> DENDE O 16 DE SETEMBRO ATA O 27 DE SETEMBRO 2021.

O pagamento dos recibos efectuarase mediante invitación a pago mediante Bizum ou sistema de tarxeta que teña co seu banco. O impago antes do día 1 de cada mes implica Baixa na actividade e a obrigación de pago seguirá en vigor.





# Actividades Artísticas e Culturais

## Xadrez

O xadrez esixe unha gran concentración polo que o noso cerebro se ve sometido a unha actividade que axuda ao desenvolvemento mental dos nosos alumnos e alumnas. **Multimedia\***

**Quen?:** Educación Primaria.

**Importe:** 19€/mes.

## Baile

O baile ten un papel fundamental no desenvolvemento da expresión e creatividade dos nosos alumnos e alumnas favorecendo o oído musical e desenvolvendo a linguaxe corporal.

**Quen?:** Educación Primaria.

**Importe:** 19€/mes.

## Pintura

Esta actividade ofrece ao alumnado a oportunidade de fomentar capacidades de observación visual e creatividade.

**Quen?:** Educación Primaria

**Importe:** 28€/mes.

## Patinaxe

A patinaxe é un dos deportes máis seguros xa que ten contacto cero ademais de realizarse nun espazo aberto, tamen é moi completo e fundamental no desenvolvemento do equilibrio e da coordinación. Ademais favorece o oído musical e a expresión corporal.

**Quen?:** Educación Primaria.

**Importe:** 23€/mes.

# Idiomas



## Inglés

Co obxectivo de mellorar a práctica activa do inglés, tanto a nivel oral coma escrito, poñemos a disposición do alumnado ao mellor profesorado especializado, facendo das nosas clases unha aprendizaxe natural e divertida.

**Quen?:** Educación Primaria

**Importe:** Dous días: 39€/mes +(18€/anual de material no primeiro mes).



# Actividades Multidisciplinares

## LEGO Robotix®

Nesta actividade foméntase da forma máis divertida a ciencia e a tecnoloxía. Tamén experimentan coa forza e o movemento, o equilibrio e a estabilidade mediante os recursos de LEGO® Education®, potenciando desta maneira a creatividade, innovación, emprendemento e a eficiencia. **Multimedia\* Equipos individuais por cada alumno.**

**Quen?:** Educación primaria.

**Importe:** 35€/mes.





HORARIO	LUN\$	MARTE\$	MÉRCORES	XOVE\$	VENRE\$
16:30-18:00		PATINAXE 3º,4ºEP	PATINAXE 5º,6ºEP		
16:30-17:45	BAILE MODERNO 5º,6ºEP			BAILE MODERNO 3º,4ºEP	
16:30-18:00	ROBOTIX 6ºEP	ROBOTIX 5ºEP	ROBOTIX 4ºEP	ROBOTIX 3ºEP	ROBOTIX (DEMANDA)
16:30-17:45	INGLÉS 3ºEP	INGLÉS 4ºEP	INGLÉS 3ºEP	INGLÉS 4ºEP	
16:30-17:45	INGLÉS 5ºEP	INGLÉS 6ºEP	INGLÉS 5ºEP	INGLÉS 6ºEP	
16:30-17:45					XADREZ 3ºEP,4ºEP,5ºEP, 6ºEP
16:30-18:15	PINTURA 4ºEP	PINTURA 3ºEP	PINTURA 6ºEP	PINTURA 5ºEP	PINTURA (DEMANDA)

